

EXPERIENCIAS

• *Atinando records*

(<https://afaga.com/es/atinando-records-un-proyecto-que-conecta-ninos-con-mayores-a-traves-de-las-cartas/>)

A Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias (AFAGA) e o Colexio CEIP Atín-Cela (Mos) puxeron en marcha no 2020 un proxecto interxeneracional no que participan os usuarios do centro e o alumnado de 5º e 6º de primaria. Trátase dun intercambio de cartas entre maiores e crianzas que busca a estimulación cognitiva das persoas maiores e que fomenta valores como o respecto e o cariño á terceira idade dos máis pequenos/as. Cada "maior" ten asignado un neno/a co que intercambia a correspondencia, buscando unha continuidade no vínculo que se forma entre ambos, mantendo a emoción pola resposta a cada carta.

• *Concello de Teo*

(<https://bit.ly/3kiAGE5>)

O Concello de Teo está a empregar a súa canle de YouTube para achegar contidos á cidadanía. Dende a perspectiva dos contidos educativos recomendamos especialmente a lista de reprodución "Confinamento", onde atoparemos máis de corenta contos contados polas mestras das escolas infantís do concello.

• *CEIP Mosteirón*

(https://www.instagram.com/fabrica_dos_sonos/?hl=es)

Este centro de Educación Infantil e Primaria comparte, dende a súa web e redes sociais, moitas das iniciativas e proxectos levados a cabo que teñen a inclusión como eixe transversal a través da lingua de signos, pictogramas, podcast e outras canles de comunicación. Dentro das súas propostas podemos destacar "O Camiño de Mosteirón" no que, entre outras actividades, o alumnado realizou varios roteiros ao redor do centro e no que cada aula representa un albergue. Nos próximos meses os distintos albergues colgarán, a través dun código QR, a información sobre cada etapa do camiño, presentando o patrimonio cultural dos distintos lugares. Animámosvos a seguir o camiño dende as redes!

FERRAMENTAS

• *Xogando en rede*

(https://www.facebook.com/watch/rededopatrimoniocultural/?ref=page_internal)

A Rede do Patrimonio Cultural está formada por un grupo de entidades e colectivos que entende o patrimonio galego, tanto material como inmaterial, como un dos principais activos sociais, identitarios e económicos de Galicia buscando a súa defensa e posta en valor. Dentro das propostas que se fan dende a Rede, destacan as iniciativas de Xogando en Rede que publican nas súas redes sociais. Nelas podemos atopar vídeos sobre como facer xoguetes a partir de elementos da natureza: o son da curuxa a través dunha coca, unha zoadeira con botóns, unha lancha de xuncos, etc.

• *Biblioteca da Coruña Miguel González Garcés*

(<https://bit.ly/2Mj9WXA>)

A Biblioteca da Coruña Miguel González Garcés busca a través dos diferentes espazos web cubrir as necesidades educativas, informativas, culturais e de ocio dos cidadáns. Con este obxectivo, nos últimos tempos, crearon unha sección denominada "Xoguetes naturais, como facelos?" A diferenza da páxina anterior, neste caso son xoguetes un pouco máis complexos pero que cumpren coas mesmas funcións dos que moitas veces mercamos. Dende un "rin-ran" de noces a un muíño de pao. Todo feito con materiais naturais e cun vídeo tutorial moi preciso no que se explica paso a paso o proceso.



Fonte: Web oficial de Afaga <https://afaga.com/es/atinando-records-un-proyecto-que-conecta-ninos-con-mayores-a-traves-de-las-cartas/>



Fonte: Instagram do CEIP Mosteirón



Facebook da Rede do Patrimonio Cultural.
<https://www.facebook.com/watch/rededopatrimoniocultural/>



Canle de Youtube da Biblioteca González Garcés
<https://bit.ly/2Mj9WXA>

- **Recursos Educativos de NOSA. Axencia Espacial Escolar Galega**

(<http://nosa.gal/>)

Xa falamos con anterioridade deste proxecto nado no curso 2014-2015, que volvemos a recuperar nesta ocasión pola cantidade de recursos educativos para ciencias (bioloxía, física e química), matemáticas e tecnoloxía que puxeron á disposición da comunidade educativa durante o confinamento. Recomendamos tamén botar un ollo ao emotivo vídeo que profesorado e alumnado implicado no lanzamento do Maruma Sat realizaron en relación ao confinamento: a #misionoxala (<https://bit.ly/2P6m5jM>)

NON DEIXES DE CONSULTAR...

- **LUDO. Documental sobre Serious Games**

(<https://bit.ly/3uuAUN0>)

Documental sobre o valor social dos videoxogos no que a través de entrevistas achégase a xogos serios, propostas de recursos educativos que, dende o lecer, axudan a explicar temas complexos e a fomentar a participación social. Algunhas das experiencias recollidas son "Darfur is Dying" (<http://www.gamesforchange.org/game/darfur-is-dying/>) un xogo de rol onde vives a experiencia dun refuxiado en Sudán, "El Paraíso de la Deuda" (<https://sello.arsgames.net/tienda/paraiso-la-deuda/>) un obradoiro sobre débeda financeira e democracia; ou "Papers, please" (<https://papersplea.se/>), un simulador no que encarnamos a un funcionario de aduanas na Europa do Leste.

- **Repositorio dixital de tempo libre en galego**

(<https://bit.ly/2NYTJak>).

Nesta web do Portal da Lingua Galega podemos obter diferentes recursos, dende actividades por grupos, actividades musicais, para favorecer o movemento físico, de presentación, de creación de grupo, etc. Sen dúbida, ferramentas moi útiles e divertidas. As actividades acompañanse dunha ficha na que se describe o proceso a seguir, pero tamén os espazos e materiais, ademais de sinalar que elementos se poden potenciar con cada unha das propostas.

- **Cidade da Cultura**

(<https://www.cidadedacultura.gal/gl/programacion-cultural>).

A Cidade da Cultura transfórmase ao dixital debido ás restricións derivadas do COVID-19, poñendo a disposición das usuarias e usuarios diferentes ferramentas dixitais. Entre esas propostas podemos destacar as visitas virtuais á exposición "As miradas de Isaac", en referencia a Isaac Díaz Pardo, impulsor de proxectos como Sargadelos, Laboratorio de Formas, etc., na que ademais podemos acceder á explicación realizada polos guías en directo.

- **Museo de Historia Natural**

(<http://sghnferrol.blogspot.com/>).

O Museo de Historia Natural de Ferrol ofrece aos centros educativos unha alternativa dixital ás condicións xeradas pola pandemia, dende conexións en directo con centros educativos para visitas telemáticas guiadas, personalizadas e adaptadas ao requirido polo centro, como consultas en directo co alumnado, para resolver dúbidas e achegarse dende os colexios á ciencia. Máis información en: museo@sghn.org

- **Vocabulario técnico da madeira na lingua de signos**

(<https://madeiramelide.weebly.com/>).

O Departamento de Madeira do IES Melide acaba de poñer en Rede o primeiro vocabulario técnico da carpintería na lingua de signos, ademais de en galego e castelán. Trátase dunha iniciativa pioneira no mundo educativo e profesional que é produto de anos de experiencia de traballo con alumnado xordo. ■

Ana Rodríguez Groba

ana.groba@usc.es

Denébola Álvarez Seoane

denebola.alvarez.seoane@udc.es

Grupo de Investigación Stellae (USC)

<http://stellae.usc.es/>



Fonte: Canle de Youtube Outconsumer <https://www.youtube.com/watch?v=HIIQGf3sDrw>



O portal da Lingua Galega <https://bit.ly/2NYTJak>



Fonte: Web da Cidade da Cultura.

REVISTAGALEGA
DE EDUCACIÓN

ISSN: 1132-8932

Páx. 88-89